

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados específico, entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do Departamento de Orientación.

Mediante Orde do 9 de outubro de de 2019 foi convocado concurso de traslados específico entre o persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do Departamento de Orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes desta consellería (DOG núm.200, do 21 de outubro).

A base décimo cuarta, sobre resolución provisional do concurso, establece que unha vez recibidas na Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional as actas da comisión avaliadora, coas puntuacións asignadas ao persoal concursante, procederase, conforme as peticións e os méritos dos participantes, á adxudicación dos destinos e faranse públicos na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal).

Na súa virtude, esta dirección xeral

DISPÓN

Primeiro. Adxudicar destino provisional ao persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura de Departamento de Orientación nos centros que se especifican na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal).

Segundo. Publicar a relación de persoas excluídas na páxina web desta consellería polas causas que se indican.

Terceiro. Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base décimo quinta da Orde de 9 de outubro de de 2019, o persoal concursante poderá formular reclamación no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web. O prazo de renuncias será o mesmo que o establecido para as reclamacións.

Non obstante, serán admitidas as reclamacións e renuncias presentadas con anterioridade.

Cuarto. O persoal funcionario do corpo de mestres que estea participando simultaneamente nesta convocatoria e nas realizadas pola Orde de 8 de outubro de 2019, pola que se convoca o concurso de traslados (DOG núm. 200, do 21 de outubro),





ou pola Orde do 13 de novembro, pola que se convoca concurso específico para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos (DOG núm. 222, do 21 de novembro), e que obteña praza definitiva da xefatura de Departamento de Orientación, entenderase que renuncia á participación nos concursos, tanto no xeral como no específico de adultos.

Quinto. As reclamacións e renuncias poderanse presentar polos procedementos a que alude a base sexta e remitiranse ademais por correo electrónico a persoal.primaria@edu.xunta.gal dentro do prazo establecido.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

